Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 12 DE NOVEMBRO DE 2026 | JUEVES, 12 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 217

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Urbanismo

Información pública de aprobación inicial do Proxecto de Equidistribución do Plan Parcial "As Medoñas", polo sistema de concerto

Expediente.- 2025/U036/000001

Ref.- LACC/plb

ANUNCIO

Información pública de aprobación inicial do Proxecto de Equidistribución do Plan Parcial "As Medoñas", polo sistema de concerto.

A sociedade mercantil Domos Estates Coruña, S.L, como propietaria única dos terreos incluídos no ámbito de actuación, aprobou inicialmente, en reunión celebrada o día 8 de outubro de 2025, o Proxecto de Equidistribución do Plan Parcial "As Medoñas", polo sistema de concerto, redactado e asinado polo arquitecto Ángel Luis Monteoliva Díaz e a avogada Blanca Monteoliva Pereira.

De conformidade co disposto nos artigos 106.1 e 121.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 269.2 e 270.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei, sométese o referido Proxecto de Equidistribución a información pública polo prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán consultar o proxecto e formular as alegacións que consideren oportunas.

O documento aprobado inicialmente estará á disposición das persoas interesadas na sede electrónica https://sede.arteixo.org/sxc/es/informacion/ e no Servizo de Urbanismo do Concello de Arteixo , en horario de atención ao público, de luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas.

O que se fai público para xeral coñecemento e para os efectos oportunos.

Asinado por Luis Alberto Castro Calvete o 08/11/2026

Concelleiro delegado en materia de Urbanismo

P.D. 1243/2025 de 08/05/2025.

2026/7327